


CIENCIA NA ESCOLA

Ciencia | Corpo Humano | Función de Relación



OpenClipart-Vectors. Brain Human Anatomy royalty-free vector graphic . Licenza Pixabay.

O Sistema Nervioso

O sistema nervioso

encárgase de procesar os estímulos e elaborar unha resposta. Estes estímulos poden ser **externos** (escoitar unha música) ou **internos** (sentir fame).

Existen dous tipos de nervios:


- **Nervios sensitivos:** levan a información dende os órganos dos sentidos ao sistema nervioso central.
- **Nervios motores:** levan as ordes dende o sistema nervioso central ata os músculos para que estes actúen.

Como funciona o sistema nervioso?

O sinal nervioso entra polas dendritas dunha neurona e sae polo axón. Dende aí contacta coas dendritas da seguinte neurona e así vai transmitindo o impulso nervioso por todo o corpo a través dos nervios.

O sistema nervioso divídese en:

- ➔ O **sistema nervioso central** está formado polo encéfalo e a medula espiñal.
 - ▶ O **encéfalo** atópase dentro do cráneo e está formado polo cerebro, cerebelo e o bulbo raquídeo.
 - **Cerebro:** ocupa a maior parte do encéfalo, consta de dúas metades simétricas chamadas hemisferios cerebrais. Encárgase de procesar a información e elaborar respostas, controla as accións voluntarias (como moverse, ler ou escribir), as emocións, etc.
 - **Cerebelo:** coordina o equilibrio e os movementos como camiñar, bailar, nadar...
 - **Bulbo raquídeo:** serve de unión entre o encéfalo e a medula espiñal. Controla os movementos involuntarios como os latidos do corazón ou pestanexar.
 - ▶ A **medula espiñal** atópase no interior da columna vertebral, conecta o encéfalo con todos os nervios do corpo e é a responsable dos actos reflexos, como por exemplo quitar a man cando algo está moi quente.
- ➔ O **sistema nervioso periférico** son o conxunto de nervios que percorren o noso corpo e están conectados co sistema nervioso central



Yourazidan. Nerve-cell-neuron-brain-neurons. (CC BY-SA 4.0).

Que son as neuronas?

As neuronas son as células do sistema nervioso. Encárganse de transmitir a información mediante sinais nerviosos dende o cerebro ata as diferentes partes do corpo, e viceversa. Están formadas por:

- **Corpo celular:** centro da célula que permite o funcionamento da neurona.
- **Dendritas:** prolongacións curtas e ramificadas.
- **Axón:** prolongación máis longa.